



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

CONSIDERACIÓNS DE ADEGA SOBRE A SITUACIÓN DO LOBO EN RELACIÓN A SÚA INCIDENCIA NA GANDERÍA



**CLAVES PARA FAVORECER
A COEXISTENCIA
ADEGA
VERÁN 2018**



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

CONSIDERACIÓNS:

**SOBRE AS GRAVES CONSECUENCIAS DOS CONTROIS
LETAIS DA POBOACIÓN DO LOBO**

**DA NECESIDADE DUNHA XESTIÓN BASEADA EN MEDIDAS DE
MANEXO PREVENTIVO DO GANDO**

**DA INSUFICIENTE COBERTURA DE PAGOS POR DANOS: DA
SÚA BURACRACIA E FALTA DE AXILIDADE.**

**DA DESINFORMACIÓN, DA ALARMA SOCIAL E NECESIDADE
DE DIVULGAR E SENSIBILIZAR**

Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2018

Elaborado polo biólogo Martiño Nercellas Méndez, vogal de biodiversidade de ADEGA



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

Resumo:

Ante as diferentes noticias saídas nestes días sobre o lobo en relación ao incremento no número de danos á gandería, dun suposto incremento das súas poboacións, e da demanda para que se autoricen controis da súa poboación, coma solución ao problema, **achégase mediante este documento unha serie de consideracións co propósito de incorporar cuestións que entendemos fundamentais para abordar e entender que acontece neste conflito entre lobo e gandería.**

Dende ADEGA defendemos que a coexistencia entre o lobo e a gandería non só é posible, senón que moi necesaria para manter a saúde dos nosos ecosistemas, e preservar un legado natural único e ecolóxicamente moi valioso.

A información e estudos que se dispoñen sobre o estado da poboación non demostran que se teña incrementado o número de lobos na Galiza. Estaríamos ante unha poboación estancada, que non medra, polo forte persecución e mortalidade que soporta anualmente. O feito de que se rexistren máis danos dende o 2015 responde, máis ben, á mellora e optimización do sistema de recollida de avisos disposto dende a Xunta, e a publicidade e que se triplicaron as axudas dos pagos (aínda así, de modo insuficiente). Probablemente estamos ante uns danos moi semellantes a anos anteriores, pero agora comunícanse.

Compartimos as reivindicacións dos afectados que padecen ataques de lobo, son lóxicas e lexitimas, no sentido de sentirse desprotexidos ante unhas perdas económicas que, aínda sendo globalmente moi reducidas, sobre as economías familiares de quen as sofre son importantes, e a desatención da Administración ante este problema xera unha frustración e desanimo que finalmente, case sempre, acábase cebando co lobo.

Máis tamén defendemos, ante os que piden a posta en marcha de medidas letais para eliminar lobos, que debe respectarse o sentir maioritario de que esta especie forma parte dun legado natural de extraordinario valor patrimonial, e da que se agarda que as Administracións muden, dunha vez, a súa idea de entender o lobo coma un problema, nunha visión trasnoitada, e poñan os esforzos e recursos necesarios para a súa conservación conforme ás recomendacións científicas que se veñen publicando a nivel mundial nos últimos anos.

Os controis de poboación de lobo so veñen a demostrar a existencia dun fracaso de xestión por parte da Administración, das que se sabe que non valen absolutamente pra nada a efectos de solucionar problemas de coexistencia, e que sen embargo atentan contra a conservación da especie que, xa de por si, está exposta a unha mortalidade ilegal moi elevada, con 200 a 300 lobos que morren anualmente.

Detéctase que estamos ante unha situación caótica na atención que a Xunta presta a este asunto. Hai unha insuficiencia importante na dotación de recursos e esforzo que se destinan para tratar de favorecer unha situación de coexistencia, así coma unha importante falta de sensibilidade. Para o ano 2017 contabilizamos que o alcance de danos ten un custe de case 500 mil euros, pero a Xunta so destina a metade para cubrir ditos danos e, incluso, sorprendentemente, a pesar de que se incrementaron os



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

registros de danos, reduciu as axudas en cen mil euros. Ademais non se convocaron axudas para fomentar medidas de manexo preventivo. A prevención pasa por ser a acción fundamental dende a Xunta para abordar este problema e, sen embargo, non se aposta decididamente por esa estratexia.

Reivindicamos tamén a necesidade de que se activen campañas de divulgación e sensibilización sobre a importancia do lobo no medio natural, algo previsto no Plan de Xestión do Lobo, pero que non se puxo en marcha. Neste sentido, un dos elementos que menos están axudando a establecer medidas de coexistencia son as informacións e novas que se publican sobre a especie, na maioría, imprecisas, alarmistas, xeradoras de maiores tensións, e na que predomina unha falta de rigor e contraste científico preocupante.

ADEGA

Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2018



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

1. O LOBO É UNHA DAS ESPECIES MÁIS VALIOSAS DO PATRIMONIO NATURAL GALEGO, MÁIS A SÚA POBOACIÓN ESTÁ TOTALMENTE DESPROTEXIDA:

Dende os censos dos anos 80 a poboación do lobo na Galiza ofrece unha tendencia de tamaño semellante. As afirmacións de que hai máis lobos, non se sustenta cos datos destes censos para as catro provincias.

Non se aprezan diferenzas notables, que haxa moitas máis mandas ou, pola contra, unha redución drástica.

Fálase moito de que agora o lobo está presente ata no 95% do territorio galego, e ese feito xa se asocia directamente con que agora hai máis lobos. Cando máis ben o que nos está dicindo esta información é que un número indeterminado de lobos precisa de maiores desprazamentos, ate o punto de ter que arriscarse moito máis pra lograr subsistir e, iso no fondo, leva parello uns niveis de mortalidade máis elevados.

Certo é que os lobos en condicións óptimas teñen unha boa capacidade, para, en poucos anos pra expandirse. E isto vémolos por exemplo cos lobos que chegan dende Italia, pasando por Francia, ate os Pirineos. Cando dun lado a especie está protexida o fenómeno de expansión é relativamente rápido en poucos anos. Pero, cando a persecución é elevada, a expansión natural frease bruscamente e, pola mesma, así non dan chegado por este lado dos Pirineos, ou recuperar zonas do sur, coma Serra Morena.

Na Galiza, o que se intúe é que nas serras ou localizacións onde houbo unha presenza regular da especie de sempre, pois teñen anos mellores e outros peores. Nalgunhas zonas, por anos pérdeselle a pista, mesmo desaparecen, para despois transcorrido algún tempo volver ocupalos con algúns individuos que, de atopar unhas condicións de seguridade, acaban asentándose, ou incluso con parellas desprazados de territorios próximos, aparentemente mellores, pero que nese momento soportan moitas molestias. Noutras áreas menos poboadas e de orografía abrupta de media montaña, os grupos, acaban sorprendentemente aguantando ano tras ano, iso si, con moitas baixas, pero resisten. Son estas últimas zonas, cando a mortalidade diminúe, as que proporcionan algúns exemplares dispersantes que tentarán ocupar territorios limítrofes.

O que pasa é que este fluxo de dispersión, que pode permitir a ocupación doutros territorios, trócase en situacións moi fortuítas de éxito, xa que a persecución á que están expostos é elevadísima. Neste sentido a cantidade de batidas existentes pra xabaril en plena época de cría, pode estar favorecendo achegamentos dos lobos cara zonas máis humanizadas. Os lobos fóra dos seus territorios de preferencia, é dicir, aqueles con peores condicións de refuxio e alimento de presas salvaxes, pois vense na necesidade de facer maiores desprazamentos, incrementando a súa área de actividade a territorios máis grandes de prospección e, isto significa, ficar máis expostos pra vivir e/ou subsistir, sendo así máis visibles e, moito máis, vulnerables.

Acaban ocupando áreas próximas a estradas e núcleos rurais, en zonas tipos eucaliptais con toxeias e monte pechado, con terras de labor próximo. Polo xeral, estes lobos son detectados moi rapidamente, poden aguantar, un tempo, pero acaban desaparecendo (por non dicir eliminados).



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

Con cautela pódese dicir que estamos nun escenario na que a poboación do lobo, a nivel global de Galiza, nin medra nin declina ostensiblemente, cando o normal debería ser que se producira un incremento ou recuperación naquelas serras e territorios dos que desapareceu. Isto é indicativo dun proceso preocupante, a especie está sometida a unha **GRAVE PERSECUCIÓN ILEGAL**.

Estimase que morren de 200 a 300 exemplares anuais, practicamente o mesmo numero dos que nacen. E isto a nivel de conservación supón un serio problema de futuro, pois hai un empobrecemento do vigor xenético que pode condicionar a resistencia da poboación a situacións imprevisibles de enfermidades ou descensos drásticos no número de exemplares.

A pesar deste importante número de exemplares que morren, mediante métodos de captura ilegais, as veces non selectivos e cruentos, capaces de provocar a nivel local a desaparición de grupos enteiros, **hai unha inmovilidade dende a Administración en frear e perseguir estes feitos, susceptibles de ser considerados coma delito penal.**

Todo isto amplificado, agora, polo fenómeno tecnolóxico das cámaras nos móbiles, e a expansión instantánea nas redes sociais que magnifican os avistamentos, para unha especie que sempre resultou moi discreta e que era moi difícil de ver.

Dicir que a información sobre o tamaño da poboación lobeira é, polo xeral, moi imprecisa, aínda que nalgúñas comarcas hai expertos que coa súa voluntariosa dedicación permiten manter un nivel mínimo de información suficiente para ter unha idea do que sucede con eses animais no tempo. Basicamente con información sobre se aguantan dun ano pra outro ou se desapareceron, se lograron criar, a presión legal/ou ilegal que sofren, ou a recorrencia de danos e nivel de conflitividade. O propicio sería que se contara cun seguimento uniforme e constante da poboación, tal e como establece o Plan de Xestión do Lobo. Esta é un das “patas da mesa” para avanzar na proposta de solucións ao conflito do lobo, unha das asignaturas pendentes que deben cubrirse por parte da Administración.



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

2. A ADMINISTRACIÓN TERÍA MOI DOADO ESTABLECER SOLUCIÓNS DE CONSERVACIÓN E CONVIVENCIA COA GANDERÍA: O QUE DEMOSTRAN AS BATIDAS É QUE SON UN FRACASO DO MODELO DE XESTIÓN QUE SE APLICA:

As autorizacións pra cazar lobos, mediante os denominados **CONTROIS POBOACIONAIS** (normalmente mediante batidas, máis tamén se autorizan agardas) son un medida de xestión da que non está demostrada cientificamente a súa eficacia e/ou idoneidade. O que realmente amosan os controis poboacionais son un rotundo fracaso da Administración, non só na protección do noso patrimonio natural e dos seus procesos ecolóxicos, na que o lobo é un flamante “diamante” senón, tamén, da protección e apoio ás explotacións gandeiras. Pois saben que, despois de décadas vendo como se matan lobos e lobos, o problema persiste inmutable, mentres que os afectados finalmente continúan desasistidos. Sábese que en zonas onde o lobo ten provocado danos, tense probado de todo, velenos, lazos, caza de noite, batidas, etc, máis os danos esporádicamente reproducense.

E eses danos, son lóxicamente, un trastorno para esas explotacións, xeran desesperación e impotencia, e, tamén, concorre un sentimento de abandono e desprotección por parte da Administración. Esta desatención desata un importante malestar e cabreo que alimenta a percepción tremendamente tan negativa que, nalgúns lugares, se ten sobre o lobo.

E pra máis leña no asunto, dende fóra da Administración, algúns actores, nomeadamente dende **certos sindicatos agrarios, cargan máis contra o lobo que en poñer o grito no ceo na deficitaria actuación en esforzos e recursos da Administración pra remedialo**. Actores que subestiman as recomendacións científicas e técnicas sobre o papel ecolóxico que proporciona o lobo no medio natural, que saben que controlar lobos matándoos, non vale para nada, pero que pedir batidas, ou incluso, métodos ilegais como poñer cebos e facer esperas, resulta moi efectista para facer sindicalismo agrario trasnoitado pensando, tal vez, en facer do afectado un afiliado máis.

Diversos estudos publicados veñen a demostrar a inutilidade absoluta desta medida, non ofrecen unha solución pra reducir ou acabar cos danos ao gando e, incluso, conclúen que os danos poden chegar a incrementarse.

Non se trata de que se maten uns poucos lobos mediante estes supostos métodos de control, pois a verdade é que a supresión de exemplares faise totalmente dunha maneira azarosa, e cun descoñecemento previo da composición e dinámica do paquete de lobos involucrado na cacería. Nestes controis a variable do “rol” que pode ocupar cada lobo dentro do grupo, desprezase ou simplemente se ignora. Isto é un disparate dentro da xestión, e as Administracións prescinden de considerar estas cuestións científicas xa contrastadas dentro da ecoloxía do comportamento e da conservación.

Entón a eliminación de exemplares “a boleo”, de maneira non selectiva, ten un impacto sobre unha manda de desestructuración/alteración na conduta de comportamento colaborativa e, dependendo, dese rol, que xa dende cachorros van adquirindo dentro do grupo, as consecuencias poden derivar dende, a desaparición da propia manda para dividirse en subgrupos que terán un patrón de ataques máis errático; eliminación dos lobos “mestres” co que se reducirá a eficacia da caza sobre presas máis difíciles,



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

pero máis seguras para eles, para acabar recorrendo, os lobos inexpertos, ao gando como obxectivo máis asequibles pero, pola contra, expostos a maior risco. Ou no peros dos casos na eliminación do pai ou da nai dos cachorros, que pode acabar co abandono da cría e do grupo.

Trátase dunha práctica anacrónica que non proporciona solucións de coexistencia coa gandería, condiciona a ecoloxía da especie, e perpetua unha visión negativa sobre o papel e función que o lobo xoga no medio natural. De feito lévanse décadas insistindo neste modelo de cazar lobos, tanto de maneira legal coma ilegal, e a realidade amosa que os danos ao gando seguen aí, e o conflito de coexistencia mantense inalterado. A única variable que non avanzou, nas últimas décadas, foi o poñer en marcha medidas decididas alternativas, nomeadamente as referidas á incorporación das actuacións de manexo preventivo.

Sobre as batidas recordar que aínda que están previstas no Decreto 297/2008, de 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Lobo, precisan de informes técnicos e autorizacións rigorosamente xustificadas. Unha aplicación rigorosa do Plan, resultaría suficiente para proporcionar solucións sen necesidade de recorrer a unha medida tan drástica, polémica, e daniña.

Diante da solicitude dende determinadas entidades que **reclaman un método de caza mediante a modalidade de agarda con reclamo**, e dicir, poñer cebos (preas e cadáveres) como atraentes, cabe recordar que dita modalidade ten moi difícil encaixe na normativa ambiental, así como na de caza, vixente. A lei 13/2013, de caza de Galiza, prohibe con carácter xeral, polo artigo 69, o uso de animais vivos, mortos ou naturalizados, coma reclamos para cazar. O artigo 72, referido, as modalidades de caza, establece que nas “agardas ou esperas” a peza debe acudir espontaneamente ao lugar onde se está apostado.

O uso de cebos para as agardas, véñse utilizando noutras CCAA, nomeadamente Castela e León, cun único e claro propósito, garantir as posibilidades de éxito da venda dos trofeos de lobo que se sacan a poxa anualmente. A única maneira de garantir que a venda de trofeos resulte atractiva, para quen está disposto a pagar uns poucos miles de euros, é o uso e colocación dos muladares con cebos, coidadosamente preparados e atendidos polos celadores, para que o lobo se acabe habituando a entrar neles, e despois disparados dende os postos de tiro.



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

3. INFORMACIÓNS CONFUSAS E PROPAGACIÓN DUNHA IMAXE NEGATIVA DO LOBO.

Sobre o lobo infórmase con escaso ou nulo rigor, téndese a informar de maneira desproporcionada e alarmista, e so fai falta unha desas noticias pra que a nivel local cause un impacto ecolóxico crítico para a poboación.

Nesta cuestión radica un elemento importante do que hai detrás de moitas informacións que se dan a conta do lobo. Insístese repetidamente no problema, crease unha bola imparabile de tópicos ou “falsos presupostos”, que de tanto repetirse comezan a asumirse coma verdades irrefutables.

Esta maneira na que se comunica está a dificultar a adopción de solucións. Incrementan as complicacións para as Administracións, pois axudan a fomentar unha percepción moi negativa de animadversión, inducen á persecución ilegal, ou que a propia Administración véxase forzada a autorizar cacerías.

Xógase mediaticamente co suposto impacto que produce un ataque do lobo. Situacións coma a brucelose ou a tuberculose bovina, por citar un exemplo, cun nivel de prevalencia que causa un dano superior ao que pode orixinar o lobo, ou a simple baixada dun céntimo no litro de leite, teñen un impacto sobre a economía gandeira maior que o lobo, máis cando se trata do lobo magnifícase de maneira desmedida. Algo que, por outra banda, interesa en certos ambientes cinexéticos que anhelan instaurar, dentro da xestión do lobo en Galiza, o vender precintos de trofeos de lobo, encubertos nunha suposta acción de “controis de poboación”.

Detéctase unha carencia absoluta en poñer en marcha o plan de divulgación e sensibilización sobre a especie, tal e como marca o decreto do plan de xestión do lobo. Medida precisamente ideada pra crear unha visión favorable de apoio para desenvolver as medidas de manexo preventivo e mellorar a aceptación social e comprensión sobre que papel xogan os lobos no medio natural.



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

4. A ESTIMA ECONÓMICA DOS DANOS DO LOBO SOBRE A GANDERÍA NO ÚLTIMO ANO.

Os danos económicos causados polo lobo amosan un dos puntos críticos onde este suposto conflito está desatendido. Se a Administración non cumpre en prestarlle a debida atención á reparación inmediata, xusta, e equilibrada dos danos, o problema enquistase e mantéñense as tensións e malestar por parte de quen padece os ataques.

O fácil semella manter a raia ao lobo cos controis e, así, pénsao unha maioría da poboación. Ademais non se dan os esforzos para tomar conciencia de que o lobo debe protexerse, e que para protexelo debe facerse tendo en conta aspectos da súa ecoloxía, por iso non se comprende por que é necesario protexelo.

O chamativo é comprobar a magnitude que ten o conflito se o trasladamos a unha valoración económica. Non se da unha correspondencia entre o impacto económico que xera con respecto a tremenda alarma social que se desencadea.

Cando vemos que existe unha situación no que quedan desatendidos moitos danos, que estes se demoran tanto tempo que perden credibilidade, e que os pagos as veces non compensan o dano causado mailas gastos veterinarios e lucro cesante, comezase a entender onde radica a verdadeira causa do problema.



4.1 Calculo dos danos orixinados:

Unha aproximación do alcance económico dos danos ocasionados polo lobo sobre a gandería, para o ano 2017, co propósito de ter unha referencia da envergadura do conflito, para así poder valorar as medidas, recursos e esforzos que se están tomando dende a Administración, **amosa que estamos diante dun problema que a efectos económicos tería un alcance orzamentario baixo.**

	Proxección do prezo medio estimado por exemplar (euros)
cabalos	100
ovellas	75
cabras	75
vacas	600

Para o calculo, de considerar que tódolos danos recollidos para o 2017, que publica a Xunta, son atribuídos a lobo, e establecendo uns valores de custe de mercado aproximados para cada unha das reses gandeiras das que se manifestan danos se establecen os seguintes valores de referencia:

Fonte elaboración propia, a partir datos de informe danos da Xunta e prezo medio estimativo a partir da cotización (revisado a alza) para cada tipo de res nas lonxas agropecuarias de Galiza, e do baremo utilizado pola Xunta para pago de danos . (poldros: 100 euros; ovino e caprino: 75 euros; bovinos, becerros: 600 euros valor medio das cotizacións na Lonxa Agropecuaria de Galiza, para tenreiros de recría e carniceiros para as razas frisón, cruces, rubio).*

Tendo en consideración o anterior a estima que resulta é a seguinte:

Estimación danos económicos por danos de lobo para o ano 2017					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
cabalos	2.400	20.900	200	2.100	25.600
ovellas	24.450	36.450	20.025	15.675	96.600
cabras	2.175	5.175	3.000	7.800	18.150
vacas	76.800	197.400	52.800	28.800	355.800
total	105.825	259.925	76.025	54.327	496.150

Para o ano 2017, o último exercizo, estaríamos tendo unha cifra de referencia de 496.150 euros de danos de lobo declarados mediante o sistema de avisos que dispón a Xunta.

A pesar disto o orzamento para este ciclo anual decaeu de maneira importante, incomprendiblemente, e a Xunta so destinou 279.958 euros, cen mil menos que no 2016.



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

Así, quedará unha cobertura de danos sen poder ser atendidos duns 216.192 euros, que aínda tratándose dunha proxección estimativa (na que unha depuración dos datos máis precisa podería afinarse), ben demostra a existencia dun burato importante de orzamento dentro da política de pago de danos establecida pola Xunta.

Nos últimos anos a evolución das partidas orzamentarias da Xunta foi a seguinte:

Período	Pagos por danos
2017-2018	279.958,0
2016-2017	379.958
2015-2016	358.958
2014-2015	106.035
2013-2014	106.035
2012-2013	111.616
2011-2012	128.301
2010-2011	120.000+11.901
2009-2010	127.824
2008-2009	110.000
2007-2008	100.000
2006-2007	60.000 +25.000
2005-2006	80.000
2004-2005	82.000
2004	82.000

Fonte elaboración, a partir das ordes de axuda, publicadas no DOGA.



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

Considerando as partidas orzamentarias destinadas pola Xunta **dende o ano 2010**, para afrontar os danos ocasionados polos ataques de lobo rexistrados, vemos que **a Xunta tería abordado os pagos por un 67% dos danos rexistrados, quedando desatendida unha cantidade de pagos por valor de 786.288 euros**. No seguinte cadro preséntase información da contía dos danos ocasionados, as axudas dispostas, e a acumulación dos pagos que quedaron sen atender.

Retrasos acumulados por impagos de danos de lobo dende o ano 2010 ao 2016								
ANO	Estima do total anual dos danos por gandería (en €)				Estima do total anual dos danos para o conxunto da gandería (en €)	Axudas aprobadas*	Danos económicos anuais non pagados	Danos económicos acumulados nos anos sucesivos(en €)
	Caba.	Ove.	Cab.	Vac.				
2010	12.000	91.875	9.525	156.600	270.000	131.901	-138.099	-138.099
2011	10.900	66.525	10.500	176.400	264.325	128.301	-136.024	- 274.123
2012	12.300	68.925	10.875	159.600	251.700	111.616	-140.084	- 414.207
2013	1600	51.525	7.575	167.400	228.100	106.035	-122.065	- 536.272
2014	12.600	70.950	6.450	184.800	274.800	106.035	-168.765	- 705.037
2015	12.400	52.650	8.775	189.000	262.825	358.958	+ 96.133	- 608.904
2016	17.000	60.075	13.875	250.200	341.150	379.958	+ 38.808	- 570.096
2017	25.600	96.600	18.150	355.800	496.150	279.958,0	- 216.192	- 786.288
total	104.400	559.125	85.725	1.639.800	2.389.050	1.602.762	67% PAGADO	

Aproximación do retraso acumulado por impagos de danos as reses mortas derivadas do conxunto de avisos declarados entre os anos 2010 ao 2017. Ter en conta que a orde de axudas anuais establécese para os períodos de outubro- setembro. Fonte elaboración propia, a partir dos datos publicados pola Xunta de Galiza.



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

4.2 Estima da porcentaxe que supoñen os danos de lobo dentro do valor económico da gandería vacún.

No 2017 o impacto sobre a gandería vacún ocasionada polo lobo, para cada unha das provincias e Galiza, tivo un alcance estimado por valor de 355.800 euros. De considerar o valor económico do que suporía o conxunto desta gandería, que con 960.413 reses rexistradas no 2017, cun valor de mercado aproximado de case mil millóns de euros, **estaríase a falar dun impacto do 0,037% sobre o conxunto desta gandería.**

Aproximación impacto económico danos lobo sobre a gandería bovina para Galiza					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Bovino totais	333.142	458.442	68.453	100.376	960.413
Estimación valor económico	333.142.000	458.442.000	68.453.000	100.376.000	960.413.000
Estimación danos en base avisos	76.800	197.400	52.800	28.800	355.800
% dano lobo sobre a cabana bovina. ESTIMA 2017	0,0230	0,0430	0,0771	0,0286	0,037
% dano lobo sobre a cabana bovina. ESTIMA 2016	0,0157	0,035	0,116	0,054	0,035



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

4.3 Estima dos danos orixinada polos ataques de lobo en número de reses para cada un dos tipos de gando rexistrados:

Os ataques representaron unha incidencia sobre o 0,43% da cabana caprina, o 0,62% da ovina, o 0,41% da equina. No caso do vacún, o lobo estaría causando baixas sobre o 0,06% do total das vacas rexistradas no país.

Aproximación impacto baixas provocadas, en base aos avisos, sobre o conxunto da cabana gandeira galega				
	caprino *1	ovino*1	cabalar*2	bovino*3
Nº reses rexistradas	56.208	207.164	41.535	960.413
Nº de baixas por ataques lobo *4	242	1.288	170	593
% de incidencia 2016	0,32	0,34	0,52	0,04
% de incidencia 2017	0,43	0,62	0,41	0,06

*1. A partir de Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación. Datos 2017.

<https://www.mapama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/ganaderia/encuestas-ganaderas/>

*2 . A partir de 2017 MAPAMA (REGA, 01/03/2018). Datos 2018. En Censo Equino por CCAA:

https://www.mapama.gob.es/es/ganaderia/temas/zootecnia/1cifrassectorfinal_tcm30-448030.pdf

*3 A partir de IGE. Datos 2017:

[https://www.ige.eu/igebdt/esgv.jsp?paxina=001&c=0301005&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2917&R=1\[1:2:4:5:3\]&C=9912\[all\]&F=T\[1:0\];2:1;3:11&S=&TI=3](https://www.ige.eu/igebdt/esgv.jsp?paxina=001&c=0301005&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2917&R=1[1:2:4:5:3]&C=9912[all]&F=T[1:0];2:1;3:11&S=&TI=3)

*4 Evolución danos ataques de lobo en Galicia.

http://cmaot.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=444684&name=DLFE-45415.pdf



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

5. SOBRE O INCREMENTO NO NÚMERO DE DANOS REXISTRADOS NOS ÚLTIMOS ANOS.

Certo é que no último quinquenio houbo un incremento no número de danos rexistrados por ataques de lobo. Pero isto non ten porque significar necesariamente que se estableza unha relación lineal de hai máis danos porque hai máis lobos. De feito, os censos elaborados pola Xunta e o Ministerio de Medio Ambiente, entre 2013 e 2015, non reflicten uns cambios que testemuñen un incremento da poboación.

Moi probablemente **a resposta ao incremento no número de rexistro de danos débese a dúas cuestións moi concretas acontecidas no ano 2015. En primeiro lugar, nese ano case se cuadruplicaron as axudas por danos, pasando de pouco máis de 100 mil euros a 379 mil euros. Sen dúbida, esta suba foi o primeiro esforzo considerable en atender esta problemática. Nos anos sucesivos esas partidas orzamentarias mantivéronse semellantes, e poden valorarse importantes, aínda que insuficientes. Preocupa que no 2017 baixaran cen mil euros, e esa non é unha boa tendencia, cando os danos apuntan pra riba e non pra abaixo.**

A outra cuestión é a centralización toda dos avisos de danos mediante o teléfono 012, o que supuxo dispor dunha mellora substancial no rexistro de comunicacións.

A estas dúas cuestións hai que engadirlle que a publicidade desta ferramenta, e das axudas agora dispostas, incrementouse é isto, dentro do sector, resultou máis facilmente recoñecible e accesible de inmediato.

Polo que, a situación dos danos rexistrados nos tres últimos anos, e unha vez que estes mecanismos resultan máis coñecidos, pode reflectir o que realmente estaba sucedendo anos atrás, e o que mudaron non foron os danos senón a súa mellor detección.



ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

6. O MANEXO PREVENTIVO Á HORA DE TRABALLAR CO GANDO, PASA POR SER A ACTUACIÓN ESTRATÉXICA FUNDAMENTAL E NECESARIA PARA AFRONTAR A COEXISTENCIA ENTRE O LOBO E AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS.

Un axeitado manexo preventivo do gando vén mostrándose coma a maneira máis efectiva para reducir os danos. A administración debe traballar no seu impulso, aportando asesoramento, asistencia e recursos suficientes.

Preocupa que, sendo esta liña a que tiña que resultar máis reforzada e onde poñer o foco de xestión, a Xunta aínda non ten disposto para o 2018 unha liña de axudas para proporcionar a incorporación de dispositivos que favorezan un pastoreo e vixianza asentada na filosofía do manexo preventivo.

Período	Axudas prevención
2018	SEN CONVOCAR
2017	180.000
2016-2017	34.340,72**
2015-2016	150.000*
2014-2015	0
2013-2014	0
2012-2013	0
2011-2012	28.000
2010-2011	28.000
2009-2010	28.000
2008-2009	94.500
2007-2008	94.500
2006-2007	70.000
2005-2006	100.000
2004-2005	0
2004	0

Crédito disposto pola Xunta de Galicia para o pago de medias preventivas dende o ano 2004.

* do crédito establecido por danos provocado pola fauna salvaxe. ** Crédito destinado a asistencia técnica para determinar a eficacia das medias preventivas.

Ademais a Xunta debe facer boas as propias previsións coas que conta nos seus estudos, xa que dispón dunha ampla información ao respecto: Ver na páxina de Infolobo Galicia da Consellería de Medio Ambiente: http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=infolobo_galicia.html&sub=publicacions_biodiversidade/

Debe convocarse de maneira urxente unha dotación presupostaría para favorecer a posta en marcha destas actuacións preventivas. Que á vez deben completarse cun áxil e xeneroso pago de medidas indemnizatorias por danos.



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

Unha insuficiente dotación, xunto cos atrasos acumulados e a tardanza en facer efectivas estas axudas son un problema que impiden alcanzar unha solución.

De manterse un presuposto anual acorde cos danos producidos, e de efectuarse os pagos en poucas semanas, así como, simplificando o método de tramitación, avanzaríase moito na mellora de solucións para favorecer a coexistencia.

7. AXILIZAR A TRAMITACIÓN DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES PARA EFECTUAR PAGOS INMEDIATOS.

Detéctase ademais que a burocracia ou tramitación administrativa no referido a demostración dos danos é moi lenta e non axuda a normalizar unha situación e calmar tensións entre os afectados. Isto estalle a restar credibilidade a unha medida moi importante para facer fronte á esta problemática.

As actas de certificación de danos que realizan in situ os Axentes de Medio Ambiente, e nos que quede evidencia como ataque seguro de lobo, deberían ser suficientes para resolver os pagos, e así facelo en cuestión de días, e non demoralos meses, como vén acontecendo, agardando o ditame da comisión de valoración de danos. Só naqueles casos onde os Axentes puideran apreciar dúbidas razoables da orixe dos danos pois someter a verificación á comisión de valoración.